

Texto de Marilar Alexandre. 21/01/25 *Nós, diario*

Bernardino Graña tiña o don de se transformar nos animais, sobre todo mariños. No poema "Voume poñer como un mascato ergueito (Cabo Home)" vaticina que se converterá en mascato sostido polos aires, en lobo que aguzará o furor das uñas, en "brava besta a brincar entre os piñeiros", en plancto, en pastor de cachalotes. Mais tamén podía mudar en gato, talvez en tigre. Lembra Ana Romaní, no seu discurso de ingreso na RAG, un recital nos anos 80 organizado por Avilés de Taramancos na Tasca Típica de Noia. Bernardino recita de pé –nunca o vimos ler, recitaba de cor– "O gato da tasca mariñeira" e de socate, di Ana, o poeta é o poema, brinca de mesa en mesa miañando: "Se acaso o gato mira os ollos do home". Cómpre identificarse cos animais para ser gato, lobo, balea, candorca. Sentir como sente un mascato cando é unicamente o aire o que terma del. Doerse coa súa dor, cantar de ledicia coa súa exaltación. Nos seus poemas céganos a luz de Cabo Home, o vento mareiro métenos areas nos ollos. Talvez por iso esbagullamos hoxe.

Bernardino nacera en Cangas, na que a súa obra afunde as raíces, mais sendo o seu pai, Bernardino Graña Refojo, mestre sometido a depuración na ditadura, viviu de neno en Ribadavia, onde o pai daba clase no colexio Akademos. O poeta sempre recoñeceu deber ao seu pai a dedicación aos libros, a disciplina de escribir. Aínda que ese día non chimpou de mesa en mesa, lémbroo no Instituto Castelao de Vigo a comezos dos 80, recitando mentres camiñaba polo medio da sala, engaiolando á rapazada que sabe recoñecer alguén que vive nos poemas, a un poeta para quen a poesía é tan indispensábel como respirar. Comprometido co país, coa lingua, coa cultura mariñeira, atento sempre ao que escribía a xente nova, fundando a AELG da que foi primeiro presidente, xeneroso.

Bernardino foi para o ceo dos animais, a lombos dunha balea. A nós quedannos os seus poemas.